



A **Asociación Galega de Editores** (AGE) co gallo de continuar o seu traballo de promoción e difusión do libro e da industria editorial e cultural de Galicia, e atendendo a falta dun espazo de encontro e visualización de toda a oferta cultural do país, presenta a **FEIRA DO LIBRO E DA INDUSTRIA CULTURAL GALEGA**, un evento que integraría tamén nesta primeira edición ao sector da música e do audiovisual galegos.

Conscientes da importancia dunha plataforma, ata o momento inexistente, na que se integren, dinamicen e interrelacionen a pluralidade de sectores que actúan ao redor do feito cultural galego, consideramos que a creación dunha FEIRA destas características posibilitaría tamén o punto de encontro de asociacións profesionáis representativas dos distintos sectores como Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (AGAPFONO), Asociación de Tradutores Galegos, Galix, Asociación Galega de Artes Gráficas, Asociación de Ilustradores Galegos, Federación de Libreiros de Galicia, Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI), Asociación de Músicos de Galicia, Asociación de Músicos en Lingua Galega (AMELGA), Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA), etc.

Nesta experiencia integradora, o deseño da Feira do Libro e da Industria Cultural Galega satisfaría a demanda de moitos sectores profesionáis que terían neste evento:

- Un grande espazo de mostra e venda dos seus produtos ao que acudirían tanto o público en xeral como destinatarios máis específicos (bibliotecarios, docentes, programadores, axentes de contratación, animadores socio-culturáis, etc.)
- Un espazo de visualización no que distintos sectores (música, libro, producións audiovisuais e tamén teatro, monicreques, maxia, etc.) poidan presentar os seus espectáculos.
- Unha gran plataforma cultural que se converta en referencia imprescindible e obrigada, a xeito de cita anual, para todos os que queiran coñecer a oferta cultural do país.

1. ORGANIZACIÓN

A Asociación Galega de Editores, necesariamente aliada con outras asociacións.

2. LUGAR E DATAS DE CELEBRACIÓN

Cidade: Pontevedra

Lugar: Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra

Datas de celebración: do 10 (xoves) ao 13 (domingo) de maio de 2007

Carácter: anual

Horario: ininterrompido ata o remate das actividades



3. OBXECTIVOS

A falta dun espazo de encontro e visualización da oferta cultural do país na que o libro sexa un elemento ao redor do cal pivoten outros sectores leva á **Asociación Galega de Editores** (AGE) a organizar CULTUR.GAL FEIRA DO LIBRO E DA INDUSTRIA CULTURAL, que como obxectivos primordiais recolle:

- Presentar a oferta editorial e cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, nun espazo onde ademais os profesionais poidan vender, contactar, estrear, ou simplemente amosar os seus produtos.
- Crear unha gran plataforma cultural que se converta en referencia imprescindible e obrigada, a xeito de cita anual, para todos os que queiran coñecer a oferta cultural do país.
- Fixar neste espazo un lugar de encontro anual fixo das diferentes asociacións (Asociación Galega de Editores, Asociación de Escritores en Lingua Galega, Federación de Libreiros de Galicia, Galix, Asociación de Tradutores Galegos, Asociación Galega de Artes Gráficas, Asociación Galega de Produtoras Independentes, etc.) convocando nel as súas asembleas, xornadas, actividades, etc.
- Artellar ao redor deste evento toda unha serie de encontros dos diferentes sectores da produción cultural cada vez máis interrelacionados: editores, autores, ilustradores, produtores audiovisuais, guionistas, informáticos, fotógrafos, etc.
- Estimular a presenza dos axentes culturais que hai no país ao redor da música e do audiovisual: produtores, distribuidores, creadores, etc. de xeito que xunto coa industria do libro, senten nesta primeira edición as bases e o punto de partida para que, sumando esforzos, este evento acade o éxito que todos procuramos.

4. SECTORES IMPLICADOS

A industria do libro como eixe principal, xunto coa música, o sector audiovisual, as novas tecnoloxías, a artesanía derivada do libro e do papel e as empresas de comunicación.

LIBRO

Editoriais
Distribuidoras
Librerías
Artes Gráficas
Ilustradores
Autores
Revistas culturais, etc.

AUDIOVISUAL / MULTIMEDIA

Producción audiovisual
Guionistas
Distribuidores

EMPRESAS DE COMUNICACIÓN

ARTESANÍA DERIVADA DO LIBRO E DO PAPEL

MÚSICA

Contratación
Organización de Concertos
Produtores, editores de música
Grupos
Estudios de gravación
Artesáns (Luthiers)
Discos

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Portais
Deseñadores de páxinas Web e blogs
Empresas de Internet
Produtores de xogos multimedia

5. EXPOSITORES

- Editoras asociadas que desexan ter seu espazo
- Editoras asociadas que desexan ser representadas por unha distribuidora
- As que deleguen en libeiros a súa representación
- Empresas distribuidoras
- Librerías
- Produtoras, distribuidoras e outros axentes relacionados coa música
- Produtoras, distribuidoras e outros axentes relacionados co sector audiovisual
- Organismos relacionados co libro (universidades, asociacións profesionáis, etc.)
- Empresas de comunicación
- Empresas de tecnoloxías da información
- Artesanía derivada do libro e do papel

E todos aqueles que, dentro destes sectores, teñen algo que ofrecer desde a cultura transformada en industria sempre que sexan empresas que producindo obras inseridas na cultura e na lingua propia teñan a súa sede social en Galicia.

6. CRITERIOS

O criterio é fundamentalmente comercial, do libro en sentido amplo, e da industria discográfica, audiovisual e informática en lingua galega ou sobre Galicia.

Márcase como linde do que pode ou non pode estar no Salón a lingua do país, non sendo os fondos dos editores asociados que terán liberdade.

7. ACTIVIDADES PARALELAS

Ademáis da faceta expositiva do evento, a feira ofertará unha programación multidisciplinar na que terán cabida:

Xornadas técnicas e debates para especialistas:

Autores, tradutores, deseñadores, técnicos culturais, bibliotecarios, ilustradores e debuxantes, produtores, guionistas, fotógrafos.

Actividades para rapaces:

Obradoiros, actividades didácticas, encontros con creadores e artistas, ludoteca, visitas de centros educativos.

Actividades para público en xeral:

Sinaturas e presentación de libros, conferencias, mesas redondas, concertos, actividades escénicas, exposicións, proxeccións, etc.